

CASTRO DE BORNEIRO

Castro: Castro de Borneiro

Localidade: Cabana de Bergantiños (A Coruña)


Data escavación: 1930 ata a década dos oitenta

Localización:

Atópase na parroquia de Borneiro, municipio de Cabana de Bergantiños (A Coruña).

A súa localización é atípica xa que está nunha ladeira orientada ao leste que baixa cara un regato, a unha altura de 200 metros.

Os restos atopados están expostos no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.



24

Algunha característica especial:

Foi o primeiro castro en ser datado cientificamente co método do carbono-14 en Galicia. Estivo habitado entre os séculos VI a.c. e o I d.c.

Na actualidade presenta 36 construcións escavadas (case as tres cuartas partes da súa extensión).

En abril de 2011 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia.



Descrición do castro:

As vivendas son circulares e cuadrangulares coas esquinas redondeadas, e de maior tamaño cas doutros xacementos.

A acrópole está rodeada por un foxo e dous muros defensivos en todo o seu perímetro, excepto no lado leste onde a pendente do terreo actúa como defensa natural.

Ademais do recinto principal está o Barrio Extramuros que é unha zona formada por unha gran casa ovalada, dúas fontes con desaugadoiro e un forno circular.



25